

**Texto lido na presentación de *Ningún precipicio* en
Santiago de Compostela o 6 de outubro de 2013**

Olalla Cociña

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

COCIÑA, OLALLA (2014 [2013]). “Texto lido na presentación de *Ningún precipicio* en Santiago de Compostela o 6 de outubro de 2013”. Edición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2718>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 15 de abril de 2014 a partir do arquivo facilitado pola autora.

TEXTO LIDO NA PRESENTACIÓN DE *NINGÚN PRECIPICIO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA O 6 DE OUTUBRO DE 2013*

Olalla Cociña

Como Ildfonso Rodríguez, concibo e vivo a poesía como unha reunión, como unha fala da amizade, como un feito colectivo.

Este libro poemario está trabado na memoria da amizade e así o indica a dedicatoria do final: “Este libro é dos amigos e das amigas nas palabras silvestres, nos conxuros”. A cita de Borges que antecede á dedicatoria: “Sólo podemos dar lo que ya hemos dado. Sólo podemos dar lo que ya es del otro” remite á idea da Poesía da filósofa María Zambrano só posible na absoluta entrega, cando non deixa nada para si.

Comentareivos dunha forma pouco ordenada e breve algunhas claves que non son necesarias para ler o libro, poderían ser as partes dun apéndice entrefebrado nos poemas.

Á hora de ir xuntando e aquelando os poemas quixen recoller os espírito do meu primeiro poemario, un sobre de papel que contou cos mellores lectores do mundo, os amigos entre os que o repartín (e que só algún deles conserva, esqueceume quedar cunha copia...).

Acórdome do olor embriagador dos libros na volta ao cole, lembrou nun dos seus chispazos Georges Perec. Os poemas deste libro buscan o tacto e o recendo deste recordo. Dan conta dos días da custodiada milimétrica anotación, do diario baixo chave para a escritura secreta.

Falan da primeira vez, da escritura baixo sabas e no caixón da mesiña de noite, do espello pulido por onde esvaran conversas que duran para sempre.

Armada cun ganapán que se encerella nas fendas submarinas onde morren os corais antigos e delicados do soño, a que nomea, atrapa. A que atrapa posúe, pero o nomeado borra as pegadas do corpo e convértese en charlatanería barata, en triste souvenir.

Unicamente son poeta cando tatexo, cando tremo de medo porque estou a piques de esquecer a fala.

Este libro nace da mudez, volve ao primeiro arreguizo, o balbucir poético. Aprende a falar e a deletrear. Rebobínase ata o intre no que o movemento da mao que facía as primeiras letras era tan importante como o que se dicía.

Funcionan as engrenaxes do pudor na escrita poética? Pregúntase, mentres reconta obxectos: puzóns, lápices, témperas, pizarras, palabras na area, na pel, letras de cuspe, de auga, de tinta, cadernos, cartas... Os obxectos onde quere habitar. O Shangri-la.

Estes poemas teñen un pé na última infancia. Saíndo da casa onde alguén escribiu nas paredes inxurias que non teñen sentido e porén acompañarannos toda a vida como un mal de ollo.

Cada día alguén invade a nosa propia casa convidándonos ao exilio. Por iso en voz alta formulamos o esconxuro.

Escríbese espertando, respirando nas marxes do soño.

Neste libro hai textos nacidos en distintas etapas e tempos... Pero en todos se escoita

de fondo esta canción:

Tes na lingua un único sabor a chocolate, tes anotado nun papel dentro dun sobre o seu truco de maxia, o que fai que se che dobren así de fácil os xeonllos. Non o leas no alto, non o compartas nunca.

ANÓNIMA

Algunhas veces prefiro escoitar a dicir.

Moitas veces quero vivir de palabras alleas, de versos nos que borrarme. Antóllaseme que as palabras, que algunha vez dixeron iso que dicían, están gastadas, esas que algunha vez acougaron a fame e a sede, están gastadas ou non están á altura.

Neste precipicio existen versos-trampa, poemas que levan un verme dentro. É o verme da froita sen fumigar, pre existente á froita, que xa estaba na flor.

PALABRAS

Palabras usadas de máis pódense volver en contra dunha, son por igual perigosas e atacantes, innecesarias, fútiles. Por iso quéroas con tacto e pídolles antenas e poros, tentáculos, poderes extrasensoriais nas xemas dos dedos.

Pídolles que volvan estar á altura, que digan o que teñen que dicir, se é que teñen algo que dicir.

A pureza dunha idílica primeira visión poética tórnase cada falso. Non todo o que se nomea quere ser nomeado.

TESOUROS

A poeta Luz Pichel deixou escrito en *Casa pechada*: ¿Ti cres nos tesouros que se buscan e están? Eu asinto e respondo, preguntando: “acaso se pode crer nos tesouros doutra forma?

E non poido deixar de pensar no fol de ouro feito coa pel dun boi que os mouros soterraron debaixo dunha pena na aldea. “Aí hai un fol de ouro”, contaban, e na miña mente pesaban todos os quilates, o coiro estendido ao longo da raíz da gran pedra.

Mirabamos e estaba.

Mirabamos e escribiamos tocando as entrañas dun animal totémico, os seus órganos quentes.

Este libro quere ser táctil, alimento e osíxeno, visión nocturna, ouvido. Talismán dos cinco sentidos, dos infinitos sentidos. Quere, como indicara Gaston Bachelard a respecto da miniatura na súa marabillosa *Poética do espazo*, “rebasar a lóxica para vivir o grande que existe dentro do pequeno”. E sempre, por sempre, vivir no asombro de quen o lea.

Moitas grazas.